

Martín Sarmiento (1695-1772)

Perante a lingua e a filoloxía portuguesa

*Henrique Monteagudo
Universidade de Santiago de Compostela*

O erudito galego Martín Sarmiento (1695-1772) é autor dunha importantsíma obra lingüística, que na súa meirande parte deixou inédita¹. Só desde meados do século XIX comezaron a vir a lume, con parsimonia, unha pequena porción dos seus escritos filolóxicos, pero houbo que agardar ata as tres últimas décadas do pasado século XX para que ver estampado o grosso destes, especialmente por iniciativa do seu principal editor, o profesor José Luís Pensado (Monteagudo 2002b). Á luz do que foi vindo a lume, existe unanimidade en consideralo o fundador da Filoloxía Galega e un precursor avanzado da Lingüística Románica². As noticias, os traballos e as ideas lingüísticas de Sarmiento con respecto ao idioma galego áchanse hoxe amplamente divulgadas e analizadas³. Non así, ou non tanto, o seu trato coa tradición lingüístico-filolóxica portuguesa e da propia lingua portuguesa, nin o papel que o coñecemento desta puido xogar nas súas pesquisas e reflexións sobre o idioma galego. Este vai ser o asunto de que nos ocuparemos no noso relatorio. Trataremos de ofrecer probas de que o noso autor foi o maior (ou un dos maiores) lusitanistas de ámbito

¹ Para unha idea xeral da súa personalidade e a súa obra, pode verse López Peláez 1895 e 1902, e Filgueira 1997.

² Sobre isto, véxase especialmente Pensado 1960, Piel 1969-71, Santamarina 1997 e Monteagudo 2002a. O traballo do profesor Pensado continúa a ser a más completa introdución de conxunto ás ‘ideas lingüísticas’ do noso autor. A nosa achega citada en último lugar tenta actualizar este traballo (ás veces polemicamente), prestando particular interese ao seu labor na lingüística e a filoloxía galegas.

³ Véxase especialmente o fundamental traballo de Pensado 1960, 99-133, e, máis recentemente, Mariño 1993 e Monteagudo 1997.

español do século XVIII, e que a súa familiaridade coa lingua e a filoloxía portuguesas, obtida no manexo dunha bibliografía notablemente ampla e escolleita, resultou de importancia crucial na conformación do seu ideario lingüístico sobre o galego.

Lázaro Carreter rozoa tanxencialmente parte do noso asunto no seu traballo sobre “Los orígenes de las lenguas gallega y portuguesa según Feijoo y sus polemistas” (1947). Pensado tamén abordou distintos aspectos da cuestión que nos ocupa en varios dos seus traballos⁴. Canto a nós, referímonos ao tema no estudo introductorio que precede a antoloxía de textos sarmentinos sobre o idioma galego que demos ao prelo en 2002 (Monteagudo 2000a) Con todo, cómpre un achegamento máis global que ademais tire proveito do manexo de materiais que, na nosa opinión, ata agora foron insuficientemente explorados. Destarte, tentaremos realizar unha indagación sistemática do asunto que nos ocupa no conxunto da súa obra lingüística, en particular nos seus escritos galeguistas. Tamén imos levar conta dos dous catálogos bibliográficos elaborados polo noso autor, un deles édito desde longa data (“Catálogo de libros curiosos y selectos”; abreviaremos *BS*), e outro moito máis importante, o da sua propia libraría, aínda inédito (“Autores de quien yo tengo obras”, véxase sobre esta Stiffoni 1973). Por parte, estamos a preparar a edición do seu escrito inédito de 1756 “Origen de la voz gallega *Mixiriqueyro*” (abreviaremos *Mix.*), que ofrece un material privilexiado para o noso tema, pois basicamente consiste nun comentario polémico da *Origem da Lingoa Portuguesa* e da ‘Primeira parte’ das *Chronicas dos Reis de Portugal* de Duarte Nunes de Leão.

Tencionamos, pois, en primeiro lugar, explorar o trato de Sarmiento coa erudición filolóxico-lingüística lusitana e as súas ideas sobre o idioma portugués. En segundo lugar, consideraremos a súa posición perante algúns dos autores que máis o motivaron, en particular Duarte Nunes de Leão e Rafael Bluteau. En terceiro e último lugar, analizaremos o influxo que tivo o seu coñecemento do portugués na conformación da súa propia visión do idioma galego, e das mutuas relacións entre ambos. Apurámonos a adiantar aportar unha noticia que resulta dабondo sorprendente: a pesar do evidente paralelismo entre os dous personaxes, Sarmiento nin cita nunca (ata onde sabemos), nin inclúe no catálogo da súa biblioteca a obra do Barbadinho, Luís A. de Verney. É inverosímil que non a coñecese, así que o fenómeno reclama unha explicación específica, que ficará á marxe do presente contributo.

⁴ Véxase en particular Pensado 1971-1972, 12-15; 1984, 28-30 e 1987, 40-44.

Ata aquí, a xustificación académica do presente contributo. Pero non queremos ocultar que a motivación deste traballo non é soamente académica, mais tamén divulgativa. A atención que recibiu a obra de Sarmiento en Portugal é moi escasa ata o momento, a pesar de que doux distintos lusitanistas que se achegaron á obra do erudito galego, Manuel Rodrigues Lapa e Joseph Piel, recoñeceron o interese excepcional dos seus traballos filolóxicos. Tan cedo como 1932, Lapa manifestaba a intención de “elaborar um trabalho de conjunto sobre as doutrinas filológicas de Sarmiento”, e mostrábase convencido de que “então se verá como é justo integrar Martín Sarmiento na falange dos nossos filólogos do século XVIII, onde, pela sua vasta erudição, pelo discernimento pessoalíssimo e pela genialidade das algumas intuiciones, sobranceira verdadeiramente a todos” (1932-1933, 103-104). Temos boas razóns para lamentar que Lapa non dera posto mans á obra que anunciaba. A opinión do eximio filólogo de Anadia esteábase no coñecemento dun só escrito do noso autor, o *Onomástico Etimológico de la lengua gallega* (que, por parte, constitúe un dos seus ensaios más brillantes)⁵. Precisamente a lectura do *Onomástico* levou Joseph Piel a afirmar: “Estamos convencido sem receio de haver exagero na nossa afirmación, de que a divulgación desta obra esquecida, invulgar sob mais dum punto de vista, contribuiría para colocar o seu autor, Fr. Martin Sarmiento, no primeiro plano dos precursores da filología moderna, não só da hispánica, mais da românica em geral” (1969-1971, 2).

Lonxe de nós a pretensión de cargar sobre as costas da Lusitanística a responsabilidade da súa ignorancia de Sarmiento. O primeiro culpado é o propio fraude, que mantivo teimosamente a meirande e mellor parte dos seus escritos choída con sete chaves nos alxubes do ineditismo. Pero isto non atenua a responsabilidade do establecemento académico español, que salvo contadas excepcións (nomeadamente, Lázaro 1985) refugou recoñecer a importancia dun autor que lle resultaba incómodo por varias razóns, reservándolle todo o máis referencias tópicas e gabanzas protocolarias en notas a rodapé. Tampouco queda salva a erudición galega, que preferiu despachar o noso autor con ditirambos antes que esforzarse na edición rigorosa e na ponderación crítica dos seus escritos. Claro que en descargo desta pódese alegar os atrancos que os estudos galegos tiveron que afrontar para arborarse, forcexando cun estado e cunha cultura hexemónica que ata tempos recentes os negaron, ignoraron ou tentaron coutar o seu desenvolvemento.

⁵ Sobre a obra onomástica (en senso moderno) de Sarmiento, véxase Kremer 1997.

1. Consideracións xerais sobre a obra filolóxica de Sarmiento

Antes de considerarmos de xeito específico o noso tema, debemos facer referencia ao sentido da obra filolóxico-lingüística de Sarmiento, contemplada á luz do conxunto da súa empresa intelectual e da propia configuración global do campo do coñecemento científico no seu tempo. Que foi Sarmiento? Un lingüista, un filólogo, un paleógrafo, un arquiveiro, un historiador, un botanista, un xeógrafo? Para responder estas preguntas, primeiramente débese ter en conta que a articulación interna do ámbito do saber no século XVIII presentaba unha configuración considerablemente diferente á actual. Non nos referimos soamente aos instrumentos de investigación ou aos métodos de traballo, mais aos mesmos obxectos de estudio e as finalidades das disciplinas, á subdivisión e ramificacións da ‘árbore das ciencias’, ás relacóns e xerarquías establecidas entre estas, ao nivel respectivo de especialización dos estudos, ao grao de institucionalización de cada un destes e ás instancias da súa producción e reproducción (Monteagudo 2002c). Neste senso, falar de Lingüística ou Filoloxía no século XVIII é falar de cousas diferentes ás que hoxe entendemos por tales: na abordaxe sarmentina, ao comezo os estudos filolóxico-lingüísticos áchanse inseridos no amplo campo dos seus intereses anticuarios (histórico-literarios), para posteriormente vencellárense ás súas pescudas no terreo da ‘historia natural’ e ás súas inquedanzas pedagóxicas (Monteagudo 2002a).

Sarmiento mostrou escaso interese pola gramática, que el consideraba un saber excesivamente abstracto e mecánico⁶. Tamén manifestou o seu escaso aprezo pola retórica e a preceptiva, debido ao seu desapego cara ás variedades idiomáticas cultivadas, en particular cara ao ‘bo falar’ cortesán, que enxeitou radicalmente. Canto á lingua escrita, dirixiu a súa atención aos textos medievais e pre-renacentistas (tanto latinos coma romances), pero o que máis lle chamou foi a lingua falada polo pobo. Isto, como veremos, é absolutamente crucial. O seu principal obxecto de pesquisa filolóxica foi o vocabulario, inicialmente contemplado na perspectiva diacrónica: na base das súas inquedanzas filolóxico-lingüísticas latxa a ‘demanda da etimoloxía’⁷. As súas exploracións etimolóxicas

⁶ Nisto, coma noutras moitas cousas, coincidía con John Locke. Véxase *Discurso apologético por el arte de rastrear las mas oportunas etimologías de las voces vulgares*, p. 44. Doravante, remitiremos ás obras de Sarmiento mediante as abreviaturas que se atopan desenvoltas no primeiro apartado da Bibliografía final, onde se indican as edicións a que enviamos.

⁷ Hans Aarsleff refírese á paixón dezaoitesca pola exploración das orixes de todos os aspectos dos feitos e institucións humanas: a sociedade e o estado, as artes ... (1982, 158).

conducírono a estudar dunha banda a evolución da forma fónica das palabras (de aí os abrollos de gramática histórico-comparada romance que agroman nos seus escritos) e doutra a evolución do seu significado (de aí a súa tentativa de constituír unha ‘semántica histórica’). Pero, en parte tamén por causa das esixencias do seu programa etimolóxico, a súa lexicografía é onomasiolóxica, e de aí a súa preferencia polos nomenclátores fronte aos dicionarios alfabeticos. Todo isto, que vai dito en xeral, ilumina en particular a súa escolla e tratamento da bibliografía portuguesa.

Endebén, o máis orixinal das investigacións lexicográficas de Sarmiento reside non tanto na perspectiva e método de traballo que adopta coma na selección dos seus materiais de base e nos procedementos de recollida deste. O noso autor non atendeu unicamente os documentos escritos (dos que era bo coñecedor, especialmente dos medievais, como cronista-arquiveiro da súa orde en España), mais privilexiou a fala ordinaria, e non a das elites, mais a do común das xentes. Ademais, colleitou el persoalmente os seus materiais, ben a través a lectura dos textos ou ben, o que é máis insólito, mediante a realización de inquéritos directos, con preferencia polos falantes rústicos, os vellos e vellas, as mulleres e os nenos. A análise da lingua falada corrente desde unha abordaxe etimolóxico-onomasiolóxica convenceuno da conveniencia de centrar a atención nas voces que designan obxectos sensibles, en particular plantas e animais, e por aí empatou co seu crecente interese pola historia natural, en especial pola botánica. Por parte, relacionada coa adopción da perspectiva histórica no estudo do léxico, está a importancia que outorga á onomástica, tanto a persoal como a toponímica. Por esta vía, a súa lexicografía volve anearse cos seus intereses anticuarios, vía a xeneoloxía e a xeografía histórica.

Xa que logo, se a configuración dos saberes lingüísticos coetáneos, impuxo nun senso limitacións ás investigacións de Sarmiento, noutro senso facilitoulle achados difficilmente concibíbles no campo de xogo da lingüística actual. Por caso, a brillante conexión que estableceu entre o estudo dos falares non cultivados e o dos textos medievais, e o complexo entramado de relacións que teceu entre a lexicografía, a onomástica, a lingüística diacrónica (en particular a etimoloxía), a paleografía, a xeografía histórica e a historia natural.

Endebén, cos achados científicos que deitan nova luz nos vellos problemas e que convidan a pór en cuestión antigas certezas e arraizados prexuízos, xorden tamén outras certidumes ofuscantes e novos preconceptos distorcedores. Así, Sarmiento foi clarividente ao decatarse de que para o correcto establecemento das regras de evolución fonética dos ‘dialectos’ románicos había que partir exclusivamente do fondo léxico patrimonial, desbotando os empréstimos,

estraxeirismos ou cultismos. Polo mesmo, para a súa empresa etimolóxica os textos medievais eran preferidos aos escritos renacentistas e post-renacentistas, e os falares populares, e mellor rústicos, presentaban un interese superior aos falares urbanos. Destarte, unha descuberta científica servía para cuestionar un vello preconcepto. Pero aquela convicción apuxouno a arrolar un novo prexuízo, pois a partir de aí adoptou unha actitude radicalmente purista-popularista (ou etnográfica, segundo o termo de Thomas 1992), o que en galego coñecemos como ‘enxebrismo’. As linguas ágrafas mantíñanse, segundo el, más puras e orixinarias cás escritas, desenvolvéndose a partir das propias raíces no canto de contaminárense de xenismos. O interese de Sarmiento polo galego, que de comezou foi máis ben erudito e só máis tarde virou en reivindicativo, se atopa tamén en relación cos devanditos presupostos e, naturalmente, contribuirá a reforzalos. Isto é moi importante para o noso asunto, pois, como a seguir veremos, o seu purismo popularista condicionará poderosamente a súa posición perante o portugués.

2. Sarmiento, o portugués e o galego

Achegámonos ao cerne do noso asunto. Con certeza, o noso autor foi “a persoa máis informada sobre a cultura portuguesa de toda a Ilustración [española]”. Non o dicimos nós, mais quen está autorizado para facelo, o professor José Luís Pensado (1987, 43-44). Pero Sarmiento non foi, estritamente, un lusitanista, pois o seu interese cara á lingua, a historia e a cultura portuguesas non se xustifica nin se esgota en si mesmo, mais en boa parte derívase das súas preocupacións galeguistas. Podemos afirmar sen receo de esaxero que Sarmiento foi o ‘inventor’ do galego contemporáneo⁸. O erudito dezaoitesco realizou a ‘invención’ do galego na secuencia da obra do seu mestre, compatriota e grande amigo Benito Jerónimo Feixoo (Monteagudo 2002a). Ora, o que é interesante ter en conta é que a ‘invención’ do galego contemporáneo, tal como aparece na obra de Feixoo e de Sarmiento, realízase nun duplo movemento de afirmación fronte ao castelán e fronte ao portugués. Isto está xa en Feixoo, pero dun xeito moito más claro e argumentado no seu colega-discípulo. Os dous deixan sentados tres principios básicos en que se estea a identidade autónoma do idioma galego: (1) este non é un dialecto do castelán, mais do latín, (2) orixinariamente

⁸ *Inventor* é empregado aquí en senso etimolóxico, de ‘descubridor’, de ‘revelador’ dunha cousa que xa existía pero era previamente ignorada ou non tida en conta.

é a mesma lingua que o portugués, pero (3) o galego non deriva do portugués, mais é continuador directo da raíz común orixinaria e permanece máis próximo a ela. Sarmiento resume así:

“intenta el Padre Maestro desterrar otros dos errores. Primero, de los que juzgan ser la Lengua Portuguesa dialecto de la castellana. Segundo, de los que piensan que el Idioma Gallego es dimanado del Portugués [...] El Padre Bluteau habla de las dos Lenguas, Portuguesa, y Castellana, como de *dos hermanas*, no como de madre e hija [º]. Esta es la realidad, como, asimismo, que la Gallega, Castellana y Portuguesa son tres hermanas, e hijas todas tres de la latina. Averiguar qual de las tres es mas antigua no se puede hacer sin exponerse a la censura. En concurrencia de Portuguesa y Gallega, son fuertissimas las razones que pone el Padre Maestro para prueba de que jamas la Gallega pudo dimanar de la Portuguesa. Añadió que en caso de haver dimanado una de otra, es mas verisimil que la Portuguesa sea extension de la Gallega. Los que se admiraren de esta afirmacion, demonstrarán en su misma admiracion que confunden la mayor extension de una lengua dominante, con la mayor antiguedad de la lengua dominada.”¹⁰.

Efectivamente, entre as reaccións que suscitara a obra de Feixoo interésanos salientar a opinión dun dos seus impugnadores, por acaso portugués. No seu *Discurso Philologico Crítico* (1727) Ernesto Frayer, entre outras obxeccións, refuta a suposta primacía do galego sobre o portugués esteándose en criterios sociolingüísticos, coma tal que os idiomas “se perfeccionan por los elegantes y cultos oradores, por los discretos y elevados poetas y por los exactos y fecundos historiadores”. Nisto o idioma portugués levaba a palma, pois en galego non existía libro merecente de lerse. Segundo Frayer, antepór o galego ao portugués sería tan insensato como “preferir el jergon que en sus chozas usaron los pastores del Latio al idioma elocuente que en el Senado Capitolino hablaron los Consules y Emperadores romanos” (Lázaro 1947, 148-49). Na liña de Frayer manifestáronse outros autores, que lle negaban ao galego a categoría de lingua “porque no había en ella escritos algunos” (Lázaro 1947, 151), ou subordinábano ao portugués, como argumentaba Mayáns i Siscar nos *Orígenes del Español* (1737), “porque [este] tiene libros i dominio a parte” (Monteagudo 1997, 11-12).

⁹ Esta afirmación de Bluteau atópase no “Prólogo” ao *Vocabulario Portuguez e Latino*, vol. I (sen paxinación).

¹⁰ *Demonstracion Crítico-Apolögética del Theatro Critico Universal*, vol. I, pp. 189-190.

Na súa réplica a Frayer, Sarmiento impugna a preferencia xeral pola lingua escrita sobre a falada, e rexeita o criterio do cultivo literario á hora de clasificar un idioma como lingua ou dialecto, no que se confundía, segundo el di, “la lengua con la pluma”. A súa argumentación é impecable: “Retrocediendo seis siglos, no hai cosa escrita en Castellano: Luego no havia Lengua Castellana entonces? En la America no se escribia cosa alguna: luego, ¿no habia lengua alguna en América, quando la descubrieron los europeos?” (*DCA*, 190). Velaí a chave principal para comprender o posicionamento de Sarmiento perante a cuestión do galego e a súa relación co portugués.

A mesma doutrina áchase exposta, cun pouco máis de desenvolvemento, nas *Memorias para la historia de la poesía y poetas españoles* (especialmente pp. 200-203), onde introduce, cabo do termo *dialecto* que emprega xa no seu traballo anterior, o neoloxismo *con-dialecto*:

“El idioma Catalán, Asturiano, Gallego y Portugues, como son *dialectos* de la [Lengua] Latina, que corrompieron los Godos, los Vandalos y Suevos, y el idioma Castellano es tambien dialecto della mediante los Wisigodos; por ser todos estos idiomas *con-dialectos* entre sí, se entienden, á poco estudio, unos á otros, los que los hablan” (*MH*, 95).

Máis adiante, radicalizará notablemente a súa posición, reservando para o portugués a consideración de *subdialecto* do galego. Débese ter en conta que estes termos son empregados polo autor referíndose exclusivamente ao plano diasistemático, isto é, xenético-lingüístico; facendo, pois, abstracción dos aspectos histórico-culturais. En todo caso, o que nos interesa subliñar é que Sarmiento se mostra rotundo e absolutamente constante á hora de afirmar a identidade do galego fronte ao seu veciño meridional, salientando como cualidades distintivas do primeiro as súas pretensas pureza e riqueza.

¿De onde procede o empeño de Feixoo, e en especial de Sarmiento, por salientar a identidade do galego fronte ao portugués? Non, desde logo, dunha coidadosa análise comparativa das diferenzas e semellanzas entre os dous sistemas lingüísticos, mais, entendemos nós, de preconceptos lingüísticos e identitarios. O primeiro e principal, como dixemos, é que Sarmiento valorizaba por riba de todo o elemento patrimonial ('enxebre') nos idiomas, o que o levaba a aprezar os falares populares moi por riba das variedades cultas. Foi precisamente esta convicción (ousada no seu tempo) o que o levou a prestar atención a un idioma ágrafo e desprestixiado coma o galego, para posteriormente proclamar o interese do seu estudio e finalmente reivindicar a súa dignidade. En segundo

lugar, o noso frade consideraba implicitamente o idioma galego como unha creación orixinal da colectividade galega, que vía como unha comunidade claramente distinta ás súas veciñas, e chegou a ser consciente de que, ao reivindicar a dignificación do idioma do país (nuns termos que causan abraio aínda hoxe), estaba a erguer un sinal de identidade colectiva. Finalmente, non se poden esquecer os seus fortes prexuízos anti-lusitanos, en cuxa base se achaban as feridas que deixara na mentalidade colectiva a guerra de secesión de 1640, mediante a cal Portugal recobrara a independencia verbo da Coroa española, unha guerra que foi especialmente cruenta na fronteira galego-portuguesa. Pero, como despois explicaremos, o que máis lle doía como galego era a ignorancia (que el interpretaba como tácita pero elocuente mostra de desdén) dos autores portugueses verbo Galicia, a súa historia, o seu idioma e a súa cultura.

A afirmación da lingüicidade do galego tivo tamén consecuencias nas súas opcións para a escrita deste. Tendo en conta a súa familiaridade coa bibliografía portuguesa, á hora de analizar estas opcións non pode argumentarse que ignorase o portugués. Alén diso, Sarmiento foi o descubridor da literatura galega medieval e o primeiro investigador da documentación en lingua galega dos séculos XIII ao XVI (Alonso Montero 1997). A resultas da súa familiaridade con esos textos, móstrase convencido que o galego dos séculos XIII ao XVI posuía unha ortografía propia, dabondo regular (“constante y arreglada”, como sostén na *Colección de Voces y Frases Gallegas*, 78), e que esta debía ser tomada como base para a escrita contemporánea.

É revelador constatar que no seu ensaio máis importante de escrita en galego, o *Coloquio en coplas galegas*, Sarmiento comeza por grafar nas primeiras coplas con <lh> palabras como *ilhas, olhos, velhas ou coelhos*, pero axiña abandona esta opción a prol de <ll>, que é a grafía empregada en todo o resto do texto, e mais no extenso comentario filolóxico que lle engadiu (Mariño 1997). Aínda que nunca explicou esta mudanza de criterio, non parece descabido conjecturar que Sarmiento se decatou de que o grafema <lh> era distintivamente portugués, con nula ou moi escasa utilización dos textos galegos medievais. Tocante á consoante nasal en posición final de palabra, vacila, coma o galego medieval, entre <-n> e <-m> (*ben / bem*), aínda que mostrando preferencia pola primeira solución, o cal significa que tampouco neste punto pesou a práctica ortográfica lusitana. Vemos, pois, que tamén na escrita Sarmiento é fundador dunha tradición autónoma para o galego contemporáneo.

3. A biblioteca lusitana de Sarmiento

O noso sabio chegou a posuér unha magnífica biblioteca, que contra o final dos seus días, en 1767, segundo os seus cómputos, acollía non menos de seis mil cincocentos volumes (Stiffoni 1973). Pero xa en 1748, segundo deducimos no seu escrito *Catálogo de algunos libros curiosos y selectos* (abreviaremos *BS*, véxase Monteagudo 2002c), posuía cerca de catro mil volumes. Pois ben, no apartado de ‘Gramaticas y lexicones’ deste catálogo para a lingua portuguesa recolle o seguinte: “*Duarte Nuñez de Leon*: su origen y ortografía de la lengua Portuguesa. Es autor clásico. *Benito Pereyra*: su Gramatica Portuguesa en 8º y su Diccionario Portugues en latin, y Portugues en fol. *Padre Rafael Bluteau*: su Vocabulario Portugues y latino en 8 tomos en fol., y 2 mas de suplemento. Es Diccionario crítico universal de artes y ciencias.” (*BS*, 148). No mesmo catálogo tamén cita varios historiadores portugueses de Indias (Castañeda, Juan de Barros, Diogo de Couto, Faria, etc.), a *Topografia de Portugal* (con este título) de Carballo, que considera “muy útil” (*BS*, 167), e no apartado estritamente literario, refírese ao *Cancioneiro Geral* de Garcia de Resende e “Camoens, comentado por Faria, todo” (*BS*, 173). A colleita, como pode comprobarse, é aínda relativamente minguada.

Pero, ou ben o noso sabio deixou de banda nese catálogo os seus intereses particulares, ou ben nos anos seguintes o seu interese por Portugal e a súa tradición filolóxica se incrementou espectacularmente, o cal só se pode explicar se temos en conta que a partir de 1750 dedica boa parte das súas forzas a producir a súa obra filolóxico-lingüística sobre o idioma galego. Tal como dixemos, a partir desta última data, Sarmiento púxose a elaborar un inventario detallado (e comentado) da súa propia biblioteca (que intitulou *Autores de quien yo tengo obras*), o que nos facilita un acceso expedito ao coñecemento das copiosas fontes bibliográficas que manexou de primeira man e cita liberalmente nos seus escritos. Reproducimos en apéndice as seccións do devandito inventario, aínda inédito, que recollen especificamente bibliografía lusitana: ‘Lengua portuguesa’, ‘Poetas portugueses’ e ‘Historia de Portugal’. Este catálogo ofrece un retrato más fiel e completo do seu interese polos temas portugueses, pero aínda así non acolle todos os títulos que Sarmiento manexou (ou cita), quizais porque, como el mesmo indica, o criterio principal que seguiu á hora de realizar adquisicións para a súa biblioteca privada foi o de non duplicar os fondos da rica biblioteca do seu mosteiro de San Martín de Madrid¹¹. Inmediatamente

¹¹ No terceiro apartado da bibliografía do presente contributo ofrecemos a referencia das obras que Sarmiento cita nos escritos que imos tomar en consideración, e a seguir damos en apéndice

falaremos de títulos concretos e do seu manexo comprobable, salientemos agora dunha banda o peso dos temas filolóxico-lingüísticos na súa axenda de estudos portugueses, e doutra, aínda máis rechamante, a relevancia da bibliografía lusitana no apartado filolóxico-lingüístico da súa librería particular.

Secomasí, todos sabemos que da pose dun libro á súa lectura vai un longo treito, e desta ao seu estudo, asimilación e manexo vai un abismo. Adiantaremos xa que Sarmiento non era un bibliófilo se por este termo entendemos un simple coleccionista de libros; pola contra, era un bibliófago (*sit venia verbo!*) cunha portentosa capacidade de asimilación, retentiva e repentina. No presente apartado faremos un escandallo do seu coñecemento e manexo de fontes bibliográficas portuguesas relativas ao campo filolóxico-lingüístico. Na nosa pescuda, varremos un feixe de escritos que en conxunto conforman o grosso da producción filolóxico-lingüística do noso autor, tanto de gabinete coma de campo (véxase Pensado 1972 e Monteagudo 2002a). Todos eles están publicados, excepto un, do que estamos a preparar nós mesmos a edición: *Origen de la voz gallega ‘mixiriqueyro’*. Damos ao final a lista completa destes escritos, con indicación da data da súa redacción e da súa edición, esta sempre póstuma e na maior parte dos casos recente. Obviamente, tendo en conta o que antes se dixo sobre a peculiar inserción dos estudos filolóxicos no conxunto dos saberes sarmentinos, non podemos conformarnos con compulsar títulos estritamente lingüísticos. Por iso figuran aí desde tratados botánicos coma a de Amato Lusitado ou J. Vigier (en realidade, esta é unha tradución ao portugués dunha obra francesa) ata obras literarias e de erudición histórica. Para o cadre anexo, tivemos en consideración soamente os títulos que aparecen citados con maior reiteración, escollendo tamén aqueles que aparecen más vencellados ás súas inquedanzas filolóxicas.

unha edición das tres seccións especificamente reservadas á bibliografía portuguesa no inventario da sua biblioteca particular. Cotexando ambas listas, pódese comprobar que non existe unha coincidencia completa entre unha e a outra. Unha parte do desacordo explícase porque algunas obras que constan no inventario da súa libraría non aparecen en ningún das ditas tres seccións, mais atópanse noutras seccións do mesmo (coma ‘Geographia y Viages’). Pero tamén hai obras que cita nos seus escritos e que non consignou no seu inventario, polo que debemos presumir que ou este está incompleto, ou efectivamente non as tiña de seu. Pola contra, no inventario rexístranse títulos que non aparecen nos escritos que nós peneiramos.

	MH	BS	VF	CV	CVV	CT	OE	Mix	VPC	EE	DA	Tot
Amato	-	-	+	+	+	+	+	-	-	-	-	5
Barbosa	+	-	-	-	-	-	-	-	+	+	+	4
Bluteau	-	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	10
Brito	+	-	-	-	-	-	+	+	+	-	-	3
Cancioneiro	+	+	-	-	-	-	+	+	+	+	-	5
Carvalho	-	+	-	-	-	+	+	-	-	-	-	3
F-Epitome	-	-	-	-	-	+	-	+	-	-	-	2
F-Lusiadas	+	+	-	-	-	+	-	+	-	-	-	4
F-Rimas	+	+	-	-	-	-	-	+	-	-	-	3
F-Nobil.	+	+	+	+	-	+	+	+	+	+	+	9
L-Orthogr.	-	+	-	-	-	-	+	-	-	-	-	3
L-Origem	+	+	+	-	-	+	+	+	-	+	+	8
L-Chron.	+	-	-	-	-	+	+	+	+	-	-	4
L-Descrip.	-	-	-	-	-	-	-	+	-	-	-	1
Pacheco	-	-	-	+	+	-	-	-	+	+	+	4
P-Vocab.	-	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	10
P-Ars Gr.	-	+	-	-	-	+	-	+	+	+	+	4
Vigier	-	-	-	+	+	-	-	-	-	-	-	2
TOTAL	8	10	5	6	5	4	10	9	12	8	7	

Cadro 1.- Referencia a obras portuguesas en escritos sarmentinos. Elaboración propia.

Nota: As abreviaturas están desenvolvidas no primeiro apartado da Bibliografía final.

Se repararmos nas datas de redacción dos escritos (que no cadro están secuenciados por orde cronolóxica), salta á vista a mudança de énfase entre o primeiro deles (*MH*), en que cita fundamentalmente obras de erudición histórico-literaria, e os demais, en que salientan as obras filolóxico-lingüísticas. Dentro deste segundo grupo, é claro que nos seus ensaios de carácter máis lingüístico (*VF, CVV, CV*), que resultan directamente da súa laboura de campo, son menos os autores e obras portuguesas citados: trátase sobre todo lexicógrafos como Bluteau e Pereyra, e botanistas como Amato Lusitano e o francés Vigier. Nos seus traballo filolóxicos más importantes (*OE, EE, DA*), a presenza de textos portugueses de diverso carácter (lexicografía, gramática, filoloxía, historia literaria) é moi notable. Fan caso á parte o Catálogo librario de 1748 (*BS*), pola súa propia condición, o escrito sobre Cervantes (*VPC*), polo seu carácter misceláneo malia o seu título, e a requisitoria contra Duarte Nunes Leão (*Mix.*), que contén bastantes más referencias das que caben no cadro.

As dúas obras que aparecen citadas en máis obras (e maior número de veces, aínda que nos parece escusado precisar o número de citas) son os *Vocabularios* de Bento Pereyra e Raphael Bluteau. Isto vén sendo, en primeiro lugar, un reflexo do seu interese central pola lexicografía. Os dous autores son moi ben valorados por Sarmiento, que recorre adoito a eles, especialmente ao

segundo, así e todo foise facendo progresivamente máis crítico con este. A seguir, aparecen o *Nobiliario* do Conde de Barcelos editado por Faria e mais a *Origem da Lingoa Portuguesa* de Duarte Nunes de Leão, unha obra que, como veremos, chegaría a obsesionalo. O *Nobiliario* (que coñece pola tradución castelá editada en 1646, aquela mesma que lle parecía detestable a D. Carolina Michælis), é referencia obrigada sempre que se trata de ‘antiguallas’, sexan estas liñaxísticas, históricas ou literarias, e particularmente cando se trata de onomástica _especialmente de onomástica persoal_ ou de toponimia. Así nas *Memorias para la Historia de la Poesia y Poetas Españoles* (MH) emprega o *Nobiliario* como fonte de noticias sobre a poesía trovadoresca medieval, cruzando as informacións que contén coas que ofrece o Marqués de Santillana na súa famosa Carta-Prohemio al Condestable de Portugal, texto este que exhumou o propio Sarmiento. A combinación das dúas fontes permítelle albiscar, nun aceno visionario, a importancia da lírica trovadoresca galego-portuguesa (Alonso Montero 1997).

Sarmiento estaba moi orgulloso, canto bibliófilo e filólogo, de posuír unha primeira edición do *Cancioneiro* de Garcia de Resende que tiña en grande estimanza, como logo veremos. Por parte, o lugar destacado que ocupa Amato Lusitano no elenco que elaboramos lémbranos outra das paixóns do noso autor, isto é, a botánica. Canto á colectánea de Diogo Barbosa Machado, que veu a lume xusto nos anos en que o noso erudito comezaba a redactar a súa obra filolóxica (o que nos dá idea da súa dilixencia como lector), deixemos constancia do seu xuízo definitivo:

“Desde el año de 1741 asta el de 1759 tardó en salir completa la *Bibliotheca Lusitana* que compuso Diego Barbosa Machado. Son 4 tomos en folio de marca mayor, magnificamente impresos, en buen papel, buena letra, y grandes márgenes y rica enquadernacion en pasta. A poco que leí esta obra materialmente magnífica, se me ofreció que ha sido fortuna que se formase ese escrito, para suplir los Libros de Parroquia que, con tantos terremotos, ser perderian. Bien se dexa entender que con esos 4 tomos quiso persuadir, y solo a sus paisanos, que la *Bibliotheca Lusitana* era mas copiosa que la *Bibliotheca Hispana* de Don Nicolás Antonio.” (VPC, 126).

Moi outra é a súa opinión sobre a *Chorographia* de A. Carvalho, que, como veremos más adiante, consideraba libro de cabeceira de consulta indispensable: “Antonio Carvalho escribió tres tomos en folio, *Chorographia Portuguesa*. Pone todas las feligresias de Portugal, según estaban al principio

de este siglo. Por este lado, lo estimo mucho. Pero son despreciables [sic] quando el autor se mete a antiquario, historiador y gramatico” (*Mix.*, fol. 277r).

Dos autores portugueses más frecuentemente citados por Sarmiento, imos deternos en dous, pola importancia central no noso asunto: o filólogo Duarte Nunes de Leão e o lexicógrafo Raphael Bluteau.

3.1. Refutación de Duarte Nunes de Leão

De primeiras, Sarmiento mostra un grande aprezo polo “doctísimo portugués” (*MH*, 196). Pero a obra historiográfica de Leão (que aquí non imos considerar), e moi especialmente a súa *Origem da Lingoa Portuguesa* acaban por trocarse en albo de furiosas diatribas de Sarmiento. Isto é lóxico, se temos en conta que os respectivos postulados idiomáticos son case diametralmente opostos: nada máis lonxe do popularismo enxebrista do fraude galego ca o aristocratismo latinizante do notario lusitano. A tal punto chegou a teima de Sarmiento contra Duarte Nunes, que dedicou un escrito monográfico a impugnar a *Origem da Lingoa Portuguesa*, onde tamén se revolve contra certas afirmacións no *Compendio das Chronicas* no tocante ás orixes da monarquía lusitana. Este escrito, que leva o curioso título *Origen de la voz gallega ‘mixiriqueyro’* (*Mix.*), foi redactado en 1759, nun período da súa vida en que a dedicación á lingüística galega era especialmente intensa (coma tal, o *Onomástico Etimológico de la Lengua Gallega* é probablemente de 1758). Da *Origem da Lingoa portuguesa*, que é o que aquece tratar aquí, a Sarmiento incomódanlle moito o título e a ignorancia do galego que exhibe o autor, pero sobre todo a súa coñecida afirmación verbo da avantaxe do portugués sobre o galego e a explicación desta avantaxe que ofrece Leão. No fondo, como dixemos antes, o que se confronta é a valorización preferente da lingua cortesá e escrita ou, pola contra, da popular e falada. A discusión xira en tres eixos: orixinalidade (que remite precisamente á orixe), copia (abundancia léxica) e elegancia (criterio estético).

Sarmiento non tolera que Duarte explique a orixinalidade e riqueza do vocabulario portugués descoñecendo o ‘dialecto orixinario’, isto é, o galego, e cometendo errores colosais nas hipóteses etimolóxicas. Destarte, o noso fraude ridiculiza a suposta pretensión de Duarte Nunes de que palabras como *mixiriqueiro*, *saudade* e *mágoa* carezan de antecedentes e paralelos noutras linguas (de aí a referencia no título á voz *mixiriqueiro*), indicando entre outras cousas que esas palabras existen en galego e derivan de étimos latinos, que el mesmo acerta. Verbo da riqueza léxica do portugués, o erudito fraude mostra con exemplos de derivados de *ferro* e de voces para ridiculizar un patán, como é

precisamente o galego o que avantaxa ao portugués. Verbo da maior copia e elegancia deste, Sarmiento retruca apelando á superior pureza e fecundidade do galego, na liña dos seus argumentos enxebristas.

Vexamos primeiro, a censura que lle merece a Sarmiento o título da obra de Leão:

“Duarte Nuñez de Leon, portugués, escrivió un *Compendio de las Chrónicas Portuguesas*, una *Geographia de Portugal*, otro de la *Orthographia Portuguesa* y otro con este título: *Origem da Lingoa Portuguesa*. Este título es parecido al que tendría un libro disparatado, *Origen de la Lengua Andaluza*, sin mencionar que es derivada del dialecto castellano. Origen de la lengua portuguesa, sin mencionar que es derivada del dialecto gallego, es una fábula, una quimera, una necedad monstruosa y una valadronada y un desvarío” (*Mix.*, § 13, fol. 245v).

A título de exemplo, Sarmiento critica algunas observacións léxicas e etimolóxicas do humanista portugués para tentar mostrar as desastrosas consecuencias que tivo para el ignorar o galego e, de camiño, pór de vulto a súa falla de tino etimolóxico. En particular, detense primeiro nos vocábulos *mexerico*, *prata*, *regueifa*, que figuran na *Origem* dentro da lista “Dos vocábulos que os Portugeses têm seus nativos, que não tomaram de outras gentes que nós saibamos” (cap. XVI, pp. 287 e 288)¹²; despois na palabra *saudade*, que Duarte considera tamén forma privativa lusitana (capítulo XXI, “De alguas palavras portuguesas e maneiras de falar que se não podem bem explicar por outras latinas nem de outra lingua”, p. 304); e finalmente nos quince derivados portugueses de *ferro* que Duarte Nunes exhibe como proba da fertilidade do portugués (capítulo XX, “Da cópia da lingua portuguesa em derivar de ūa só palavra muitas mais que a dos Latinos”, p. 301). A máis e máis, Sarmiento acusa sen fundamento Leão de escribir disparates sobre os étimos de *mágoa* e de *Ferrol*¹³. O propio Sarmiento resume así a súa argumentación sobre algúns dos vocábulos en aprezo:

¹² Nós manexamos a edición da *Ortografia e Origem da Língua Portuguesa*, Lisboa, Imprensa Nacional/ Casa da Moeda, 1983. As referencias de número de páxina remiten a esta.

¹³ Véxase sobre isto Pensado 1971-1972, 13-15. Precisamente Duarte Nunes explica correctamente o étimo de *mágoa* no capítulo VII da *Origem* (“Corrupção por mudança de vocabulo em outra forma por a mudança de significação”: “Mudamos o mesmo vocabulo latino en diversas formas por a variedade da significação, como esta palavra *macula*, ‘que quando queremos por ela significar ‘abertura da rede’, mudamo-la em *malha*; e quando queremos significar ‘labe’ ou ‘pecado’, ou ‘sentimento de ánimo’, mudamo-la em *mágoa*; e quando ‘nódoa’, em *mancha*” (pp. 224-25). Canto a Ferrol, non hai que descartar que Sarmiento se refira á *Geographia* de Leão, cousa que non estamos en condicións de comprobar.

“D. N. de L., después de haber tentado la etimología de diferentes voces portuguesas, viene a parar en las tres voces famosas (*mixiriqueiro, saudades y mágoas*), y baladrona que esas tres voces son tan puras portuguesas que no tienen equivalentes en otras lenguas ni se les sabe su origen. Digo que esas tres voces son de purísima latinidad, y que hoy se usan en el centro y en lo más retirado de Galicia. Pruebo con evidencia lo dicho en un papel que he escrito. En él pruebo que la voz *mixiriqueyro* por ‘chismoso’, viene del frequentativo *mixtūrīcare*, y éste del supino *mixtum* y todo del verbo *misceo, -es, miscere iurgia*, que significa lo mismo que ‘chismoso’. La voz *saudade* es del latín puro *solitas, solitatis*, que usó Apuleyo y lo tomó de un autor poeta antiquísimo. La voz *magoa* viene del latín *macula* de la que se formó el verbo *magullar* y el verbo *magoar* en gallego. El mismo D. N. dice que la voz *Ferrol* viene de *hierro* o *ferróllo*, porque en ese puerto están guardados los navíos. No hay tal cosa. No viene de *Ferro* sino de *Faro* y *Farol*, aludiendo al faro que estaba a la entrada y a la lámpara que hoy luce en el faro de La Coruña” (DA, § 13, pp. 35-36).

Canto a *prata* e en particular *regueifa*, Sarmiento utiliza como munición a súa familiaridade coa documentación latina medieval dos mosteiros galegos, derivada da súa condición de cronista da súa orde e das súas visitas e pescudas nos memos arquivos:

“Entre las 800 voces que pone Nuñez como nativas de Portugal, pone *regueifa*, y oy es trivial en toda Galicia la voz *regueifa* por ‘rebanada’ o ‘rosca de pan’. En instrumento latino del año 1161 se halla, y ley en Samos, esta expresion: *prandjis et regeiphis*. Que tiene que ver Samos con Portugal? Tambien nos quiso embocar por voz aborigine la voz *prata* (por ‘plata’). Es trivialissima en Galicia, y yo ley en ynstrumento gothico de Galicia la misma voz *prata*, por ‘plata’.” (Mix., § 41, fol. 254v).

Canto á familia léxica de *ferro*, no capítulo XX (“Da copia da lingua portuguesa em derivar de ūa so palavra muitas mais do que os latinos”) Duarte Nunes ofrece como exemplo de fecundidade do portugués unha lista de quince derivados: *ferrugem, ferrugento, ferragem, ferraria, ferrador, ferradura, ferrar, ferrado, ferrolho, ferrolhado, ferrenho, ferropea, ferrão, ferrete, ferretoar*. Velaí o comentario que isto suscita no erudito galego:

“Todos estos diez y seis nombres son puros gallegos, trivialíssimos de inmemorial en toda Galicia, y en lo mas retirado y distante de Portugal, de donde no pudieron pasar al centro. Luego, pasaron del centro a Portugal. Tambien pasó *ferrollo* y *ferrollado*, pero no pudo pasar el error de Núñez, que le deriva de *ferrum*. No hay tal cosa, *ferrollo* viene de *verunculo*, y este de *veru*, y todo, de la voz francesa *verrouil* y *verrouiller*, el ‘ferrollo’ (o *verollo*) gallego, y el ‘cerrojo’ castellano [...] Así, añádanse a los derivados dichos otros derivados de *ferrum* que hoy se usan en Galicia, y se palpará la copia de la lengua gallega, por lo mismo que no se escribe, v.g.: [17] *ferrado*, por el ‘modius praferratus’, latín; [18] *ferrada*, ‘basija maior y menor para agua’; [19] *ferrudo*, ‘zapatos ferrudos’, por ‘fuertes’; [20] *ferreira*; [21] *ferrado*, ‘carro ferrado’; [22] *ferrona*, la planta ‘brunela’; [23] *ferrea*, la misma planta; [24] *aferrar*, voz náutica [...] Si yo, por mera curiosidad, pude juntar 22 derivados de *ferrum* en el dialecto gallego, ¿qué no podría juntar si huviese un vocabulario de la lengua gallega? En el *Vocabulario Portugues* del Padre Bluteau se añaden mui pocos derivados mas. Y en gallego la voz *ferreiro* significa al que le funde, al que le trabaja, es apellido, es nombre de lugar, y del ‘páxaro solitario’. Tambien la voz *ferreñas* significa el ‘sustro’ o ‘sonaxas’, y la planta scrofularia. Y ‘a besta ferrada’ es un espantajo nocturno.” (*Mix.*, §§ 39-41, fols. 252r-252v; véxase tamén *EE* §§ 459-63, pp. 215-17).

Este tipo de censuras de Sarmiento é merecente do seguinte comentario de J. L. Pensado: “En esto fallaba su cordura [de Sarmiento], pues ¿cómo los portugueses podrían tener presente en sus escritos la lengua gallega si no tenían siquiera un triste libro a que acudir? ¿A qué libro podría acudir Duarte Nunes para saber si tal voz se usaba en Galicia?” (Pensado 1972, 15). Aínda poderíamos engadir algún argumento máis en defensa de Leão, pois Sarmiento xoga coa avantage que lle dá o progreso dos estudos histórico-lingüísticos no século XVII, tanto en métodos de crítica e análise coma en acopio de materiais, progreso de que el mesmo se beneficiou amplamente, como excelente coñecedor que era da erudición filolóxica europea. Endebén, o problema que latexa no fondo é que a nacionalización do portugués, especialmente a partir do século XV, implicou un profundo distanciamento da súa variedade culta verbo do idioma galego, caído en desprestixio e ignorado ou mirado con desprezo nos círculos cultivados lusitanos (Monteagudo 1988 e 1999, 180-195). E Sarmiento reséntese precisamente disto.

De feito, a máis significativa das invectivas de Sarmiento contra Duarte Nunes arrexéitalla contra a afirmación deste verbo da distancia que separa o

portugués do galego, nunha sentenza do filólogo lusitano que, dalgún xeito, podemos considerar a declaración explícita e formal de ‘independencia’ lingüística do portugués verbo do galego. Vexamos:

“El mismo D. N., página 32, disparató del tenor siguiente: “Da qual Lingoa gallega á Portuguesa se aventajou tanto quanto na copia e na elegancia della vemos. Ô que se causou por em Portugal haver Reis e Corte que hé á oficina onde os Vocablos se forjaõ é pulem, é donde manaõ pera os outros homes. Ô que nunca houve em Galliza” [...] Decir que la corte es la oficina en donde se forjan los vocablos y se pulen es manifiesto error. Toda corte permanente y única es una Babilonia en donde, tan lexos de pulirse la lengua, se confunde con otras, y se ensucia con voces barbaras de todas naciones. Y haviendo sido Lisboa mas infestada y apestada de naciones barbaras ó forasteras a causa de las conquistas y del comercio, digo que el lenguaje portugues que se habla en Lisboa es el mas hybrido y corrupto lenguaje de Portugal. No niego que en Lisboa havrá muchos que hablen con pureza el portugues, pero eso será ó por los libros ó porque ya le hablaban antes. Para eso no se necesita corte, tampoco en la corte puede acento fixo, ni por pronunciacion constante, á causa de la variedad de las naciones concurrentes [...] Siendo tan clasicos los autores que escrivieron en los 60 años de la union [de Portugal e Castela], quisiera me dixera D. N. si los portugueses tuvieron en esos 60 años alguna corte del rey proprio. Y siendo evidente que no tuvieron mas rey que el que tenian los gallegos, se palpa que ni corte, ni rey, ni Roque se necesita para hablar, cultivar y escrivir una lengua..” (*Mix.*, §§ 52-55, fol. 255r)

Na réplica á atinada observación de Duarte Nunes rebole o purismo-popularismo do autor, que o leva a desprezar, contra toda convención, a linguaxe cortesá (Pensado 1991, 333-335). O seu razoamento continúa cunha contundente defensa da ‘elocuencia natural’ fronte á repugnante ‘elocuencia cortesá’, que é coherente co seu propio estilo de escrita e que sorprende polo seu radicalismo:

“El Ilustrisimo Señor Feixoo habla como escribe. Pocos negarán que el estilo de sus obras sea discreto y pulido, claro y elegante. Y con todo eso, jamás se crió en corte, ni necesitó de ella, para poseherle. No obstante, el mismo refiere quan superior era el gozo que tenia oyendo hablar en gallego a un pobre rustico arriero que conducía el vino al Colegio de Lérez, benedictino, junto a Pontevedra. Era allí letor de artes el Ilustrisimo Panelles, que murió obispo de Mallorca, y era pasante el Ilustrisimo Feixoo. Havian gustado tanto los

dos de tener coloquios con el dicho rustico gallego, que havian concordado de avisarse uno á otro quando viniese el harriero, para vajar los dos a oyre hablar, y conversar con el. No era la dulzura del idioma gallego quien los envelesaba, sinó la natural elocuencia. Aquel gallego rustico no savia escribir ni aun leer, havia nacido en unas fragosas montañas, jamás havia visto corte, solo savia hablar su ydioma nativo; no obstante, era tan naturalmente discreto y elegante, que en sus discursos embelesaba a los dos Ilustrisimos." (*Mix.*, §§ 56-57, fol. 256r).

Como se ve, o noso autor négase a recoñecer a importancia do cultivo do idioma, salientando a superior cualidade das linguas ágrafas. Confúndeno aquí tanto a súa paixón polo idioma nativo coma a súa perspectiva de filólogo, que descobre o interese das variedades faladas, reivindica a súa importancia para reconstruír a historia da lingua e denuncia os preconceptos que subxacen ao superior prestixio da lingua da corte. De feito, cando propugna a dignificación deste, admite a necesidade de arreentalo de empréstimos e cultismos, eses que tanto enxeita no portugués cultivado (o mesmo que no castelán, non perdamos isto de vista). Na liña desa actitude purista, o noso autor valorizaba extraordinariamente a lingua dos textos pre-renacentistas, que el coidaba *enxebre*, libre de toda interferencia allea. Como a seguir mostraremos, isto é fundamental para entender a súa crítica tamén a Bluteau. A réplica a Duarte Nunes remátaa coas seguintes palabras, que veñen corroborar o devandito:

"Luego esa pasmarotada de corte y oficina es un papasal para querer halucinar a los que no han vibido en la corte. La elegancia no consiste en las voces, sino en los conceptos. No consiste en la lengua, sinó en el entendimiento. La copia de voces no se ha de regular por la multitud de las superfluas, exóticas y sesquipedales, sinó por las mas propias y mas expresivas, y sobre todo, que sean nativas. Dice el dicho Nuñez que la lengua portuguesa se aventajó tanto a la gallega *quanto na copia e na elegancia dela vemos*. Hablando de la verdadera elegancia y de la copia propriamente tal, en maldita la cosa se aventajó el subdialecto portugues al dialecto gallego. Leanse los escritos portugueses anteriores al rey Don Sevastian, y no se hallará en ellos sombra de mas elegancia y de mas copia que en los escritos manuscritos que se conservan en gallego. Tengo presente a Rui de Pina y a Garzia de Resende: ni por pienso noté en ellos arapo de mas copia ni de mas elegancia." (*Mix.*, §§ 57-58, fol. 256r-v).

3.2. Encomio e censura de Rafael Bluteau

Despois do dito, podemos entender mellor a posición do noso autor perante o lexicógrafo portugués que mellor coñeceu e máis manexou, o seu case coetáneo Rafael Bluteau. Aínda que sempre ten a man o seu monumental *Vocabulario Portugues* e gaba reiteradamente a súa cualidade, Sarmiento impútalle basicamente tres defectos a esta obra: a selección de textos que ripou, o seu descoñecemento do galego, a xenerosa acollida que depara a cultismos e empréstimos e o seu escaso acerto para as etimoloxías. Endebén, neste caso a súa crítica é moito más coidadosa:

“El Padre Bluteau pone al principio de su *Vocabulario portugues* los escritos en portugues que tenia presentes para su obra. Noto lo primero, que sólo para el titulo amontonó 57 adjetivos, y ninguno es voz portuguesa, sino o pura griega, o pura latina. Y esto es mas copia? Noto lo segundo que de 370 escritos en portugues que propone, si se atiende a los años de la impresion, solos 21 tocan a la época antes de Phelipe 2º; 156 a los años que Portugal estuvo unido a Castilla; y otros 193 a los años que se siguieron al levantamiento. Noto lo tercero, que está mui diminuto en los escritos antes de Phelipe 2º, y que olvidó el *Cancionero General* portugues de Garzia de Resende, y su *Chronica de D. Juan 2º* y otros muchos. Noto lo quarto, que entre los escritos del tiempo de la union, se olvidó de Juan de Varros [sic], autor mui clasico, y de otros. Y finalmente noto lo quinto, que los autores despues de la separacion se abultan con libros de poca sustancia: con palabras que se hallan en un sermon, ni se pule ni se autoriza, ni se hace copiosa una lengua.” (*Mix.*, §§ 60-62, fols. 256v-257r).

Fica claro, pois, que Sarmiento prefire os escritos antigos (anteriores ao Renacemento), como xa anunciara na crítica a Leão, e que enxeita a literatura devota, tal como daba a entender a censura da Biblioteca de Diogo Barbosa Machado. Por parte, Sarmiento sostén reiteradamente que o *Vocabulario* de Bluteau está inzado de voces que non son puras portuguesas (por certo, esta mesma obxección tamén llela opón aos diccionarios casteláns), e que, por riba, destas últimas non ofrece moitas más cás que reunira Bento Pereira no seu *Vocabulario* en un tomo¹⁴. Segundo Sarmiento, isto deriva do descoñecemento

¹⁴ Esta é unha idea que reitera. Véxase *OE* §§ 16, p. 14; *EE* § 23, p. 97; *DA*, §§ 18-19, pp. 36-37.

de Bluteau cara ao galego, que por parte el pon en relación directa coa súa escasa fortuna nas hipóteses etimolóxicas que ofrece:

“El *Vocabulario Portugues* del Padre Bluteau, en 10 tomos en folio es obra curiosa y erudita, aplica a las cosas unos buenos latines, pero en cuanto a la etimología de las voces portuguesas, no da palotada. Trae tal cual, pero es muy infeliz, y aun las que tomó de Covarrubias son las más flojas. Capaz era Bluteau de hacer lo que yo hago, pero era preciso que supiese su fuente, la lengua gallega, en la cual (no en la portuguesa) se deben buscar los primitivos significados de las voces que hoy se usan en Portugal.” (VF, 421; véxase tamén *Mix.*, § 105, fol. 265r).

Son abondas as ocasións en que Sarmiento rebate as hipóteses etimolóxicas de Bluteau, e de regra acerta, tanto na crítica coma na alternativa que ofrece. Por acaso, no seu escrito sobre *myxiriqueyro*, argumenta sobre o topónimo *Guimarães*, que Bluteau fixera derivar de *via maris*, e sinálalle a orixe en “puro gothico” *Vimaranis*, xenitivo do antropónimo *Vimara* (“alude a *villa o casale Vimaranis*, o porque lo posehia o havía edificado un *Vimara*”, *Mix.* §§ 192-96, fols. 285r-286r). No *DA* critica e resolve a etimoloxía de *Chaves*: “El Padre Bluteau cree que se llamó *Chaves* aludiendo a ‘agua cálida’, y transformando *calidae* en *clavis* y esto en *llavis* y *claves* y *chaves*. Es cierto que *chaves* vendría bien de la voz *clavis* si hubiese tal voz. Pero *Chaves* viene de la voz *Flavias*, pues se llamó *Aquae Flaviae* en latín o *Aquas Flavias* por fundación de los Flavios” (*DA*, § 16, p. 36). Na *Colección* ofrece a etimoloxía correcta de *jeito*, corrixindo a Bluteau, e exemplificando co caso a utilidade que se derivaría para os filólogos lusitanos dun bo coñecemento do galego:

“Esta voz *geito* tiene mil aplicaciones en el gallego y muchas en el portugués. Repetidas veces oí *geito* en Galicia, pero no he visto escrita esa voz. En Bluteau se repite escrito *geito* pero sin señal de su origen latino o gótico. El que sólo oye *geito* no sabe si su ortografía es *xeito/ xeyto*, si *jeito/ jeyto* o si *geito/ geyto*. Siendo *geito* con <g> acaso vendrá del latín *gestus*, pero es difícil de concordar tantas acepciones de *geito*. Por no saber la etimología de *geito* no se puede fijar su ortografía ni señalar el primitivo y genuino significado. [...] Una sola aplicación de la voz *geito* que oí en Galicia, y que no trae Bluteau, me dio luz para hacer la historia de esa voz *geito*. Entre los diferentes modos que hay de pescar sardinas en Galicia una se llama al *geito*, y las sardinas cogidas *ao geito* son las más estimadas. [...] Esas se cogen a un solo

jactus retis. [...] *Jacio, is, jeci, jactum* significa ‘echar, arrojar’, y *jactus, us,* es ‘el acto de arrojar’. Este verbo es trivialísimo entre los latinos aplicado a las redes y a los dados. [...] Al caso: de *factum* se dice en gallego *feito*, luego de *jactu retis* se dijo *jeito* de la red. Véase aquí el origen y la ortografía de *geito*. Es error escribirle con <g> y no con <j>. Se debe escribir *jeyto*, de *jactus.*” (*VF*, 421-22).

Por parte, no exemplo enxérgase a razón de que Sarmiento consideraba tan importante a observación e a recolla directa dos materiais: só coñecendo os diversos usos do vocábulo ‘xeito’ na lingua falada, era posible determinar os seus significacos e facerse a idea da evolución destes.

4. Importancia da bibliografía portuguesa para os galegos

Pero para podermos avaliar a importancia fundamental que Sarmiento concede, obxectivamente, á cultura portuguesa, e en particular aos estudos filolóxicos e lingüísticos portugueses, temos que debruzarnos sobre os seus proxectos galeguistas. En particular, queremos chamar a atención para dous deles, un de carácter erudito e outro de dimensión popular. Referímonos co primeiro ao plano de estudos galegos que deseña no *Onomástico Etimológico de la Lengua Gallega*, e co segundo ao seu programa de galeguización do ensino, tal como o enxerga nos seus últimos escritos, en particular no *Discurso Apologético...* No primeiro (*OE*, §§ 653-727, pp. 187-205) Sarmiento propón un plano ideal de investigación que estaba destinado a establecer as xenealoxías de Galicia. O noso sabio sempre confesou o seu aborrecemento polos sarillos das liñaxes, pero coida necesario emprender este traballo para defender Galicia dos dicterios e aldraxes que lle dirixiron os foráneos, en particular os portugueses, e ademais interésanlle a vertente onomástica e histórica do asunto.

Sarmiento supón que a realización deste proxecto se confiará a un *Alethóphilo*, un *veritatis amator*. O plano que propón especifica tanto a formación que deberá adquirir o *Alethophilo* (estudos que cursará, lecturas e bibliografía recomendadas) coma os seus métodos de investigación. Tipicamente no noso frade, a proposta ábrese a horizontes amplísimos, onde caben a onomástica e a toponimia, claro está, pero tamén a xeografía descriptiva e histórica, a historia natural, a arquivística, a paleografía e a historia. *Alethóphilo*, despois de cursar o debido currículum e prepararse axeitadamente mediante a lectura de obras proveitosas, emprenderá unha pescuda sistemática polo país, mediante enquisas que realizará directamente *in situ*, preguntando sobre todo a “vellos, vellas,

nenos e rústicos”. En primeiro lugar, interesarase pola xeografía (descritiva e histórica) e a toponimia, cotexando as informacións obtidas sobre o terreo coa documentación dos arquivos diocesanos das cinco sedes galegas. Pois ben, nesta tarefa a súa obra de cabeceira será a *Chorographia portugueza* de Antonio Carvalho da Costa (*OE* § 667, p. 190). Despois, *Alethóphilo* dedicarase ao estudo da historia natural e da botánica de Galicia, naturalmente, mediante a observación directa e a recolla de materiais (plantas, cunchas, etc.), sempre anotando as diferentes denominacións que detecte en cada lugar. Logo centrarase nas antigüidades, recollendo todo tipo de inscrición lapidaria ou monetaria.

Unha vez rematado o traballo de campo, *Alethóphilo* concentrarase na investigación de gabinete. Para esta, o primeiro instrumento bibliográfico que Sarmiento lle encarece é o “indispensable” *Vocabulario Portuguez* de Bluteau, pois “suplirá un vocabulario galego” (*OE* § 697, p. 198). Canto a obras históricas, non se refire expresamente a ningún libro portugués (o cal non deixa de ser rechamante), pero cando chega ao apartado de obras xenealóxicas, a primeira e principal fonte que menciona é o “*Nobiliario do Conde don Pedro*, coas notas de Faria, Lavaña, Montebelo, etc.” (*OE* § 713, p. 201). Secomasí Sarmiento advirte que “ningún xenealoxista portugués se ha de crer, a non ser para impugnalo”, únicamente se debe empregar “a toda custa” a citada *Chorographia*. Nesta, débese rexistrar o tomo primeiro, que trata de Entre Douro e Minho, e tirar nun caderno todos os lugares, apelidos e soares. Canto ao método que debe seguir no cotexo das fontes galegas coas portuguesas e na crítica a estas últimas, os principios que propón Sarmiento son estrito corolario do seu axioma da prioridade histórico-lingüística de Galicia sobre Portugal:

“1^a Siempre que hay un apellido mismo en Portugal y en el centro de Galicia, y ese apellido no se halla en el texto del Conde don Pedro, ese apellido ha pasado de Galicia.

2^a Siempre que le hay también en el Conde don Pedro, cotéjese la mayor antigüedad de esos dos apellidos, y si hay más antigua memoria de el de Galicia, ha pasado a Portugal el del Conde don Pedro.

3^a Siempre que hubiere duda, vótese por regla general que pasó a Portugal el de Galicia, y no al contrario.

4^a Siempre que se hallare en Portugal un lugar o población, y que en el centro de Galicia hay otra población con el mismo nombre, la población de Portugal es población de gallegos, y no al contrario [...].

5^a Siempre que en Portugal hubiere un apellido que se tomó de algún lugar, y ese lugar no le hay en Portugal, pero sí en Galicia, vótese que ese apellido, aunque no le haya en Galicia, de Galicia pasó a Portugal [...].

6^a Siempre que en el centro de Galicia se use una voz gallega, y que se use también en libros portugueses, esa voz pasó de Galicia a Portugal [...].

7^a Siempre que hacia la raya de Portugal y Galicia se use alguna voz que no sea gallega, esa se pegó de Portugal a la raya de Galicia, no al interior, v.g. *alfayate* (sastre), *alfajeme* (cirujano), *almocrebe* (arriero), etc. [...].

8^a Siempre que concurran dos instrumentos góticos antiguos, uno gallego y otro portugués, debe apreciar el gallego y mirar con desconfianza el portugués, y hacer exacta crítica de él [...]” (*OE* §§ 717-22, pp. 202-203).

Sexa como for, á derradeira queda ben claro o papel central que lle outorga á bibliografía portuguesa no labor do *Alethóphilo* de arborar uns estudos galegos: Antonio Carvalho, Raphael Bluteau e o *Nobiliario* do Conde de Barcelos forman parte principalísima dos seus instrumentos bibliográficos.

Vaiamos pois ao programa de galeguización do ensino, que de ser divulgado no seu tempo sen dúbida sería considerado revolucionario. Aínda que, como bo iluminista (Allegue 1993), a pedagogía constituíu unha das principais preocupacións de Sarmiento ao longo da súa vida, conforme se achega o final desta o fraude obsesiónase máis e máis por ela¹⁵. Boa mostra do dito é o texto intitulado *Discurso Apologético por el arte de rastrear las más oportunas etimologías de las voces vulgares* (*DA*), que é a última obra lingüística en que traballou o noso autor¹⁶. O *DA* retoma o programa pedagóxico-lingüístico que Sarmiento esbozara no *OE*, deixando un pouco á beira a cuestión do estudio da historia natural, á que tanta importancia lle dera neste, para centrarse no problema da introdución do idioma galego no ensino. O que propón Sarmiento é unha reforma do sistema das escolas da gramática, aproveitando a penuria polo que pasaba naquel momento, probablemente a causa da recente expulsión dos xesuístas (*DA* §87).

Antes de entrar no estudio da Gramática, habería que utilizar un onomástico, unha especie de enciclopedia escolar. Para elaborar o manual de Historia natural que constituiría o corpo principal dessa enciclopedia, no *OE* propuxera que se elaborase un texto orixinal en galego. Agora chega á conclusión de que, entrementres iso non se fixese, se podería recorrer á adaptación doutro manual, incluíndo nel as nocións correspondentes de doutrina cristiá (*DA* §180). Neste

¹⁵ Un dos seus últimos escritos trata precisamente de *La Educación de la Juventud*.

¹⁶ Escribiuna 1770, dous anos antes do seu pasamento.

senso, Sarmiento encarece reiteradamente a utilidade dos catro tomos do *Divertimento Erudito* do Padre J. Pacheco, unha obra que non cansa de gabar e de recomendar como auxiliar pedagóxico. Tendo en conta a súa predilección (a que antes nos referimos) polos onomásticos sobre os vocabularios alfabeticos, Sarmiento encomia o “bo gusto e paciencia” do agustiano portugués ao reducir a nomenclátor o vocabulario de Bluteau (*DA* §43, p. 43), relata que lle aconsellara a consulta desta obra a un rapaz galego que quedara entusiasmado (*DA* §§173-177, pp. 77-78), e subliña:

“No hay ciencia especulativa, no hay arte liberal, no hay oficio mecánico que no tenga unidas sus voces en portugués en el *Divertimento Erudito* del Padre Pacheco. Yo he repasado esos tomos y casi son gallegas todas sus voces, fuera de tal cual pronunciación portuguesa que el niño gallego con facilidad podrá reducir a su lengua nativa” (*DA* §§ 180-183, p. 79).

Segundo Sarmiento, o ensino secundario debe realizarse tamén en galego, e para realizar isto, ofrece outra volta propostas novedosas. Se no *OE* propuxera traducir ao galego a *Arte de Nebrixa*, agora aconsella botar man da *Ars grammaticae pro lingua lusitana addiscenda*, do Padre Bento Pereyra, e como texto de consulta, do *Vocabulario Portuguez e Latino* do Padre Rafael Bluteau (*DA* § 117, p. 62) e o amentado *Divertimento eruditio*. Falando máis en xeral da utilidade da bibliografía lusitana, o noso autor sostén: “los gallegos podrán suplir la falta de sus libros por los libros antiguos impresos en lengua portuguesa”, pero, atención, segundo o seu criterio esixentemente purista só serven os textos pre-renacentistas, pois “los modernos hierven de voces exóticas, bárbaras y latinas, que no han conocido los anteriores a la unión de Portugal y Castilla” (*EE* §350, p. 188). En definitiva, vemos como Sarmiento se abre ao portugués como recurso valiosísimo para afrontar con decisión a galeguización do ensino.

Bótase de ver que, como indicamos atrás, ao reivindicar a elevación do estatus do galego a lingua escrita e culta, Sarmiento estaba abocado a incorrer nunha contradición, ben manifesta na súa postura ambivalente fronte, por exemplo, o *Vocabulario* de Bluteau. É que esta ampliación do espazo funcional da lingua na práctica resultaba incompatible coa preservación da súa presunta pureza. Necesariamente, había que introducirlle enxertos do fondo léxico culto, e constituír unha variedade de lingua arredada da falada popular, aquilo mesmo que tanto lle facía estostrar o portugués cultivado como “agregado de retrincos e retallos de voces bárbaras e exóticas” (*DA* §18), a lingua “que se escribe de 300 anos a esta parte, (que) nada ten de portuguesa”, tan distinta da “portuguesa

vulgar, que se fala nas vilas” (*DA* § 22). En realidade, o noso frade non chegou a decatarse desta contradición, que o obrigaría a revisar radicalmente os seus postulados enxebristas.

5. Conclusión: importancia do portugués na obra e na consciencia metalingüística de Sarmiento

O profesor J. L. Pensado tense referido á virulencia que atinxen as frecuentes censuras de Sarmiento dirixidas contra autores portugueses, que el explica, plausiblemente, polo ambiente de rivalidade e polémica entre España e Portugal na secuencia da restauración da monarquía portuguesa. O ilustre sarmentista tamén sinala a mestura de admiración e envexa que lle suscita ao frade galego a inevitable comparanza entre a precaria situación do idioma galego e a puxanza do seu veciño portugués. Pero o que máis lle doe a Sarmiento é a ignorancia (que pode interpretarse como desdén) que a tradición filolóxica-lingüística portuguesa e, máis en xeral, a erudición do país veciño mostran cara ao idioma e cara a todos os asuntos galegos. Unha ignorancia que, canto galego, lle resulta lacerante, pero que, canto eruditio, se lle antolla inxustificable, e fondamente empobrecedora para os propios portugueses. E nisto, sexan cales foren as explicacións históricas que procuremos, e por moito que teñamos que rebaixar as desmesuras, lufr as rudezas e depurar os vituperios sarmentinos, é difícil negar que no fondo ten razón.

Secomasí, á hora de ponderar con exactitude o valor relativo das súas invectivas contra Portugal e os autores portugueses non hai que deixarse impresionar pola brusquidade expresiva do noso autor. En primeiro lugar, trátase dunha cuestión de carácter: dicterios tanto ou más feroces lles dirixiu aos casteláns ao tratar de cuestións que tocaban o seu nervio nacional galego, e vituperios non menos contundentes, mesmo brutais, arrebolou a moitos outros escritores ao discutir temas eruditos (por exemplo, os forxadores dos falsos cronicóns). En segundo lugar, é tamén unha cuestión de ocasión e de estilo: Sarmiento non escribía para publicar, pois non transixía cos estreitos límites de forma e contido que impunha unha férrea censura e as convencións epochais; prefería expresarse libremente, no seu estilo sinxelo e directo, mesmo chocalleiro, aínda a custa de condenarse ao ineditismo. Quérese dicir con devandito que, contra o que puidera parecer, Sarmiento non reservou unha saña especial contra os portugueses; aínda que é certo que con estes se mostrou en extremo susceptible, pero probablemente non por particular antipatía, mais porque os consideraba máis obrigados ca ninguén a coñecer e valorar as cousas galegas.

Como quedou exposto, a súa biblioteca lusitana, o manexo dos autores portugueses e especialmente o papel que lles reserva no seu ambicioso plano de restauración do idioma galego (que as condicións socio-políticas do seu tempo tornaban totalmente inviable¹⁷), constitúen a mellor e más palmaria demostración do apego profundo que lles profesaba a aqueles canto galego e da alta consideración que lle merecían canto estudiosos. Por tanto, na expectativa de ulteriores investigacións que afonden, afinen e no seu caso corrixean a nosa visión do tema, Martín Sarmiento queda postulado para o posto de honra de máis importante lusitanista español do século XVIII.

Bibliografía

1. OBRAS DE SARMIENTO CITADAS

- *Autores de quien yo tengo obras*. Inédito, Madrid, Real Academia de la Historia, 9-1829.
- “Carta a Esteban de Terreros sobre el origen de la lengua gallega y sobre la paleografía española”. En J. L. Pensado (ed.), *Opúsculos lingüísticos gallegos del siglo XVIII*, Vigo, Galaxia, 1974; 17-41. = CT (1755).
- *Catálogo de algunos libros curiosos y selectos*. Edición de H. Monteagudo, Noia, Toxosoutos, 2002 [1º ed., 1787]. = BS, *Biblioteca Selecta* (1748).
- *Catálogo de voces vulgares y en especial de voces gallegas de diferentes vegetales*. Edición y estudio por J. L. Pensado, Salamanca, Universidad, 1986. = CVV (1754-58).
- *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega*. Edición y estudio por J. L. Pensado, Salamanca, Universidad, 1973. = CV (1745-46, 1754-55).
- *Colección de voces y frases gallegas*. Edición y estudio por J. L. Pensado, Salamanca, Universidad, 1970. = VF, *Colección* (1746-47, 1751-53, 1760-70).
- *Demonstracion Critico-Apologetica del Theatro Crítico Universal*, 2 vols., Madrid, 1751 [1732] = DCA (1732).
- *Discurso Apologético por el arte de rastrear las mas oportunas etimologías de las voces vulgares* (edición y estudio crítico por J. L. Pensado), *Boletín de la Real Academia Gallega* 353-54 (1971-1972), 32-82. O mesmo editor, J. L. Pensado, incluíu esta obra na súa edición dos *Elementos etimológicos* (véxase arriba), pp. 351-419. = DA, *Discurso* (1770).

¹⁷ Véxase Mariño 1993, Monteagudo 1997 e 1999, 244-255.

- *Elementos etimológicos según el método de Euclides*. Edición y estudio por J. L. Pensado, s.l., Fundación Barrié de la Maza, 1998. = **EE**, *Elementos* (1766).
- *La Educación de la juventud*. Edición y estudio crítico de J. L. Pensado, Santiago, Xunta de Galicia, 1984.
- *Memorias para la Historia de la Poesía, y Poetas Españoles*. Lugo, Alvarellos, 1988. [Edición facsímile da primeira, Madrid, 1775]. = **MH**, *Memorias* (1741-45).
- *Noticia de la verdadera patria (Alcalá) de el Miguel de Cervantes*. Edición y estudio crítico J. L. Pensado, Santiago, Xunta de Galicia, 1987.= **VPC**, *Patria de Cervantes* (1761).
- *Onomástico Etimológico de la Lengua Gallega* (1758). Edición y estudio por J. L. Pensado), 2 vols., s.l., Fundación Barrié de la Maza, 1999.= **OE**, *Onomástico* (1758).
- *Origen de la voz gallega 'myxiriqueyro'*. Inédito, na Colección Media Sidonia, tomo IX, fols. 240-312. Parcialmente editado en traducción galega en Sarmiento, M., *Sobre a lingua galega. Antoloxía* (ed. H. Monteagudo), Vigo, Galaxia, 2002; 259-69. = **Mix**, *Origen* (1759).

2. BIBLIOGRAFÍA ACTIVA¹⁸

- Aarsleff, H. (1982), “The Tradition of Condillac. The Problem of the Origin of Language in the Eighteenth Century and the Debate in the Berlin Academy before Herder”, en Idem, *From Locke to Saussure. Essays on the Study of Language and Intellectual History*, London, Athlone; 146-209.
- Allegue Aguete, P. (1993), *A filosofía ilustrada de Fr. Martín Sarmiento*. Vigo, Eds. Xerais.
- Alonso Montero, X. (1997), “O Padre Sarmiento, primeiro estudioso da poesía medieval galega, daquela sen exhumar”. En *Sarmiento-ACITFS*, vol. II, 67-73.
- Filgueira Valverde, J. (1994), *Fray Martín Sarmiento (1695-1772)*. A Coruña, Fundación Barrié de la Maza.
- Kremer, D. (1997), “O *Onomástico* de Fr. Martín Sarmiento e a onomástica galega”. En *Sarmiento-ACITFS*, vol. II, 15-30.
- Lapa, Manuel Rodrigues (1932-33), “Fray Martín Sarmiento e o vocabulo *caritel*”, *Boletim de Filología* 1, 185-198.

¹⁸ ADVERTENCIA: Empregamos a abreviatura *Sarmiento-ACITFS* para remitir á colectánea *O Padre Sarmiento e o seu tempo. Actas do Congreso Internacional do Tricentenario de Fr. Martín Sarmiento (1695-1995)*, 2 vols., Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega & Universidade de Santiago, 1997.

- Lázaro Carreter, F. (1947), “Los orígenes de las lenguas gallega y portuguesa, según Feijoo y sus polemistas”, *Revista de Filología Española* 31, 140-54.
- Lázaro Carreter, F. (1985), *Las ideas lingüísticas en España en el siglo XVIII*, Barcelona, Crítica.
- López Peláez, A. (1895), *El Gran Gallego. Fray Martín Sarmiento*. La Coruña, Andrés Martínez.
- López Peláez, A. (1902), *Los escritos de Sarmiento y el siglo de Feijoo*. La Coruña, Andrés Martínez.
- Mariño Paz, R., (1993) “O Padre Sarmiento no seu tempo”, *Cadernos de Lingua* 8, 87-100.
- Mariño Paz, R. (1997), “Sobre a elaboración do galego escrito polo Padre Sarmiento”. En *Sarmiento-ACITFS*, vol. II, 89-119.
- Monteagudo, H. (1988), “Portugués e galego nos gramáticos portugueses do quiñentos”. En D. Kremer (ed.), *Actes du XVIII Congrès International de Linguistique et Philologie Romanes*. Tübingen, Max Niemeyer; vol. V, 144-157.
- Monteagudo, H. (1997), “Martín Sarmiento e o idioma galego no contexto ideolóxico e histórico-lingüístico”, *Verba* 24, 7-43.
- Monteagudo, H. (1999), *Historia social da lingua galega*, Vigo, Galaxia.
- Monteagudo, H. (2002a), “Antigüidade e nobreza, pureza e harmonía da lingua galega. Estudio introductorio”. En M. Sarmiento, *Sobre a lingua galega. Antoloxía*, Vigo, Galaxia, 19-86.
- Monteagudo, H. (2002b), “Noticia bibliográfica”. En M. Sarmiento, *Sobre a lingua galega. Antoloxía*, Vigo, Galaxia, 385-399.
- Monteagudo, H. (2002c), “Limiar”. En M. Sarmiento, *Catálogo de algunos libros y curiosos*, Noia, Toxosoutos, 7-56.
- Pensado, J. L. (1972), “Los estudios gallegos de Sarmiento: su estructura”, *Cuadernos de Estudios Gallegos* 27, 149-62.
- Pensado, J. L. (1960), *Fray Martín Sarmiento. Sus ideas lingüísticas*. Oviedo, Universidad.
- Pensado, J. L. (1971-1972), “Introducción”. En M. Sarmiento, *Discurso Apologético por el arte de rastrear las mas oportunas etimologías de las voces vulgares*, Boletín de la Real Academia Gallega 353-354, 7-31.
- Pensado, J. L. (1984), “Estudio preliminar”. En M. Sarmiento, *La Educación de la juventud*. Santiago, Xunta de Galicia, 7-38.
- Pensado, J. L. (1987), “Estudio preliminar”. En M. Sarmiento, *Noticia de la verdadera patria (Alcalá) de el Miguel de Cervantes*. Santiago, Xunta de Galicia, 7-56.
- Pensado, J. L. (1989), “O galego no século da Ilustración”, *Grial* 102, 183-98.

- Pensado, J. L. (1991), *Galicia en su lengua y sus gentes*. A Coruña, La Voz de Galicia.
- Piel, J. (1969), “A propósito de um centenário: O *Onomástico de Fr. Sarmiento* (1768)”, *Revista Portuguesa de Filología* 15, 103-118.
- Santamarina, A. (1997), “O Padre Sarmiento, precursor dos estudios románicos”. En *Sarmiento-ACITFS*; vol. II, 31-65.
- Stiffoni, G. (1973), “La biblioteca de fray M. Sarmiento. Apuntes para la historia de la penetración de las nuevas ideas en la España de Feijoo”. En *Homenaje al profesor Carriazo*, 3 vols., Sevilla, Universidad; vol. III, 459-75.
- Thomas, G. (1992), *Linguistic Purism*. London & New York. Longman.

3. AUTORES PORTUGUESES E OBRAS EN PORTUGUÉS CITADOS¹⁹:

- Alvarez, Francisco. *Viage y Historia de Ethiopia*, en castellano. Toledo 1588. [Tamén en Ramusio, *Colección de Viages*, tomo I. Venecia 1613.]
- Amato Lusitano (João Rodrigues de Castello-Branco). *Dioscórides*, con las *Enarrationes* de Amato Lusitano, y con las *Annotationes* de Roberto Constantino. León 1558; con figuras. = **Amato**.
- , *VII Centuriae*. Barcelona, 1628.
- Barros, Juan de. *Descripção d'Entre Douro e Minho*. [Manuscrito inédito, citao en VPC apud Diogo Barbosa Machado.]
- , *Décadas*. [Coñéceas só en italiano, apud Ramusio, *Colección de Viages*. Tomo I. Venecia 1613 (5^a reimpr.)]
- Bluteau, Raphaël. *Vocabulario Portuguèz, e Latino*. Coimbra, Lisboa, etc. 1712 y 1721. = **Bluteau**.
- Brito, Bernardo. *Monarchia Lusitana*. Parte 1^a, Alcobaça 1597. Parte segunda, Lisboa 1609. La continuación, *Terceira parte y Quarta parte* son de Fray Antonio Brandão, y se publican en Lisboa 1632. [Non figura no CA] = **Brito**.
- Cancionèyro Geeràl*. Colección de mas de 120 Poetas Portugueses Antiguos, en Letra Gothica. Lixboa 1516. = **Cancioneiro**.
- Carvalho, Antonio. *Chorographia y Topographia de Portugal*, en portugués, por pilas y lugares. Lisboa 1706. = **Carvalho**.

¹⁹ Incluímos soamente as obras e autores portugueses que cita nas obras que tivemos en conta no noso traballo. Damos as referencias que el mesmo ofrece, a maior parte das veces no *Catálogo de los Autores*; en caso contrario, indícase. Simplificamos e adaptamos as referencias para facilitar a consulta. Cando procede, indicamos a abreviación que se emprega no noso texto para remitir á obra correspondente.

- Castañeda, Fernan Lopez de. El tomo 1º de su *Chronica*, que solo tiene tres libros.
Coimbra 1552.
- Couto, Diogo, *Décadas* [Non figura no CA, pero sí na BS].
- Faria, Manuel Severim. *Noticias de Portugal* añadidas por Joseph Barbosa. Lisboa, 1740.
- , Su *Vida de Camões* fue publicada entre sus *Discursos varios y políticos*. Evora 1624.
[Non figura no CA]
- Faria y Sousa, Manuel. *Epítome de las historias portuguesas*. Bruselas 1678. = F-
Epítome.
- , *Comentos de las Lusiadas*. 4 tomos en 2 volúmenes. Madrid 1639. = F-Lusiadas.
- , *Rimas varias de Luis de Camoens*. Lisboa 1685 y 1689 (Non figura no CA). = F-
Rimas.
- , *Nobiliario* [véxase Pedro, D.]. = F-Nobil.
- , *Fuente de Aganipe y rimas varias*. Madrid, 1624-1627. 7 vols. (Non figura no CA).
- Machado, Diogo Barbosa. *Bibliotheca Lusitana*, en portugués. Lisboa 1741 y 1759. =
Barbosa.
- Nuñez de Leon, Duarte. *Origem da Lingoa Portuguesa*. Lisboa 1606. = L-Origem²⁰
- , *Orthographia da Lingoa Portuguesa*. Lisboa 1576. = L-Orthogr.
- , *Primeira parte das Chronicas dos Reis de Portugal*. Lisboa 1600. = L-Chron.
- , *Descripçao dô Reino de Portugal*. Lisboa 1610. = L-Descrip.
- Pedro, Don (Conde de Barcelos). *Nobiliario*, con notas de Manuel de Faria, y con Juan
Baptista Lavafía, Félix Machado (Marqués de Montebelo) y Alvaro Ferreira. En
Madrid 1646. = F-Nobil.
- Pereyra, Benito, *Vocabulario Latin-Portugues y Portugues-Latin, con Adagios*. Lisboa
1674 = P-Vocab.
- , *Ars Grammaticae pro Lingua Lusitana*. Leon 1672. = P-Ars Gr.
- Pinto, Fernan Mendez, *Historia oriental*. La versión castellana. Madrid 1620.
- , sus *Peregrinaciones* en portugués, con el *Itinerario* de Antonio Teyxeyro, en 1529.
- , la *Conquista de Pegú* por los portugueses. Lisboa 1725. 1 perg. fol.
- , sus *Peregrinaciones y Viajes*, en castellano. Madrid 1620. 1 pasta fol.
- Soares da Silva, Joseph, *Joan 1º. Memorias para su Chronica, y para la Historia de
Portugal de su tiempo*. Lisboa 1730.
- Vigier, Joan, *Historia das Plantas da Europa*, en portugués, con láminas. León 1718. 2
pasta 8º. = Vigier.

²⁰ Para o noso traballo, manexamos a edición da *Ortografia e Origem da Língua Portuguesa*, Lisboa, Imprensa Nacional/ Casa da Moeda, 1983. Na súa *Obra en 660 pliegos* gábase: “Pocos tienen [este]librito, y aun el de sus Crónicas tengo, esos dos y otro de *Topographia Portuguesa*”.

APÉNDICE. A BIBLIOGRAFÍA PORTUGUESA NO CATÁLOGO DE LOS AUTORES²¹

/fol. 85r/

LENGUA PORTUGUESA

Bluteau (P^c. Raphaël). *Vocabulario Portuguèz, è Latino*. Coimbra, Lisboa, etc. 1712 y 1721. 8 Perg. folº.

Del mismo Bluteau. Suplemento al dicho *Vocabulario*, y con otros *Vocabularios Portugueses Particulares*. Lisboa 1727 y 1728. 2 Perg. folº.

Ejusdem. *Prosas Portuguezas*. Dos tomos en uno. Obra curiosa. Lisboa 1728. 1 Perg. folº.

Ejusd[em]. *Sermoens Panegyricos*. Lisboa 1732 y 33. 2 Perg. folº.

Ejusd[em]. *Oraculum Utriusque Testamenti*, en Latin. Lisboa 1734. 1 Perg. folº.

Pachêco (fr. Joaõ). *Divertimento Eruditio*. Es una como reduccion del Vocabulario de Bluteau por orden de materias. Lisboa 1734 y 44. 4 pasta fol.

Pereyra (P^c. Benito). *Vocabulario Latin-Portugues y Portugues-Latin, con Adagios*. Lisboa 1674. 1 Pasta folº.

Ejusd[em]. *Ars Grammaticae pro Lingua Lusitana*. Leon 1672. 1 Perg. 8^a.

Núñez de Liaõ (Duarte). *Origem da Lingoa Portuguesa*. Lisboa 1606. 1 Perg. 4º.

Ejusdem. *Orthographia da Lingoa Portuguesa*. Lisboa 1576; 1 Perg. 4º.

Freyre (João Nunes). *Syntaxis*, en Latin, y en Portugues. Lisboa 1671. 1 Perg. 4º.

Anonymo. *Gramatica Portuguesa*, explicada en Ynglés, y con un Vocabulario. Londres 1702. 1 Pasta 8º.

²¹ Ofrecemos edición dos tres apartados do inventario da súa libraría persoal dedicados especificamente á bibliografía portuguesa: ‘Lengua Portuguesa’ (fol. 85r), ‘Historia de Portugal’ (fols. 144r-145r) e ‘Poetas Portugueses’ (fol 201r). Véxase *Catálogo de los Autores de quienes yo fr. Martín Sarmiento Benedictino tengo ad usum, ô todas sus obras, ô parte de ellas, ô algun como suelto y separado*, manuscrito autógrafo, na Real Academia de la Historia (Madrid), 9/1829. Mantemos a ortografía do orixinal.

POETAS PORTUGUESES

Cancionèyro Geeràl. Coleccion de mas de 120 Poetas Portugueses Antiguos, en Letra Gothica. Lixboa 1516. Son 114 pliegos. Colector Garcia de Reesende. Este cancionero, y de esta impresión, es Libro Rarissimo, y que no tiene precio; y es evidente por la encuadernación en tafilete, el dorado y las Armas, que ha sido del Conde Duque. 1 Tafilete folº.

Resende (Garcia de). En su *Chronica de Dº. Juan 2º de Portugal*, pone a lo último muchas Poesías. Evora 1554. 1 Perg. folº.

Pirez (Sebastian). *Poesias Varias y Tragedias Sagradas*. Letra Gothica. Oporto 1557 (muy ajado). 1 Per. 4º.

Camões (Luys). El texto sólo de las *Lusiadas*, 10 cantos. Lisboa 1609; 1 Perg. 4º.

Item. Sus *Lusiadas*, con el comento de Manuel Correa. Lisboa 1613. 1 Perg. 4º.

Item. Sus *Rimas*, 1ª parte. Lisboa 1614. Y la parte 2ª, 1616; y allí sus dos *Comedias*. 2 Perg. 4º.

D'andràda (Francisco). *Poema en 20 Cantos del Primero Cerclo de Diü*. Coimbra 1599. 1 Perg. 4º.

Bernardez (Diego). *Poesias varias*. 1 Perg. 8º.

Sàa de Soutomayor (Eloyo). *Jardim do Ceo*. Poesias Varias Sagradas. Lisboa 1607. 1 Perg. 4º.

Anonymo. *Poesias y Noticias y Certamen etc.* En Lisboa, por los años de 1730. 1 Pasta 4º.

Camoens (Luis de). *Lusiadas*, con el comento de Manuel Faria de Sousa. 4 tomos en dos volúmenes, raros. Madrid 1639. 2 Perg. folº.

HISTORIA DE PORTUGAL

El Conde Dº. Henrique; Alonso Iº, Rey de Portugal; Sancho Iº, Alonso IIº, Sancho IIº, Alonso IIIº, Dionysio, Alonso IVº, Pedro Iº, Fernando. Compendio de las Chronicás de estos Reyes, que es la 1ª parte de Duarte Nuñez de Liaõ. Lisboa 1600. Raro, en portugués. 1 Perg. folº.

Alonso IVº. Ruy de Pina sacó la Chronica de Alonso 4º; y la imprimio entera, en Portuguès, Pedro Maris. Lisboa 1653. 1 Perg. folº.

Joán Iº. Memorias para su Chronica; y para la Historia de Portugal de su tiempo, por Joseph Soares da Sylva. Lisboa 1730. 4 Perg. folº.

Joan IIº. Su Chronica o vida, por Garcia Resende. Ebora, año de 1554. Siguense las coplas del mismo Resende; y entrada de Dn. Manuel en Castela; y ida de la Ynfanta Dª Beatriz a Saboya. 1 Perg. folº.

Manuel. Geronymo Osorio escribio su vida en Latin, y en 12 libros. Anda en el tomo 1º de las obras todas de Osorio, y aquí á parte. Colonia 1568. 1 Perg. folº.

Joan III. Su Chronica en 4 partes, por Francisco D'Andrada. Lisboa 1613. 1 Perg. folº.
/fol. 144v/

Castañeda (Ferna Lopez de). Los tres primeros libros de los diez de la Historia de los Portugueses en el Oriente, en Portuguès. Coimbra 1552. Raro. 1 Perg. folº.

Ataide (Dn. Luys de). Historia de la India desde 1568, en tiempo del Virrey Luys de Ataide, por Antonio Pinto Pereyra. Coimbra 1617. 1 Perg. folº.

Gouvèa (fr. Antonio de). Jornada, Vida y Concilio de Dn. Alexo Meneses, Arzº de Goa, en Portugues. Coimbra 1606. Raro. Está el Concilio o Synodo Diocesano de Angamale de los Christianos de Sto. Thomé, el año 1599. Tengo tambien esta obra traduzida en Francès; y nuevamente en Latin, por Raulins. 1 Perg. folº.

Alvarez (Francisco). *Historia de la Etiopia*. Tengo la version castellana. Toledo 1588; 1 perg. 8º.

Pinto (Fernan Mendez). *Historia Oriental*. La versión castellana. Madrid 1620. 1 pasta fol.

Ferreyya (Alexandro). *Memorias dos Templarios*, para la Historia del Orden de Christo, en Portugues. Lisboa 1735. 2 Perg. folº.

Contador (Geronymo Contador de Argote). *Memorias para la Historia Ecclesiastica de Braga*. 5 tomos en todo, y es obra completa, porque tiene los ocho pliegos, desde la pag. 847 asta 880, de el tomo 1º, parte 2ª. Esos 8 pliegos se imprimieron contra voluntad de los superiores, pero no se repartieron. Los 4 tomos en Portugues, el 5º Latin-Portugues; y trata de las Antigüedades del Convento Bracarense. Todos Lisboa 1732 y 47. 5º Pasta folº.

Faria (Manuel Severim de). *Noticias de Portugal* añadidas por Joseph Barbosa, con Monedas Gothicas. Lisboa, 1740; 1 Pasta fol.

Faria de Sousa (Manuel). *Epitome de las Historias Portuguesas*. Bruselas 1678; 1 Perg. folº.

Castañeda (Fernando Lopez de). El Libro 3º solo de su Historia ya puesta; faltan 4 libros, en Portugues. Coimbra 1522. 1 Perg. folio.

/fol. 145r/

Martín Sarmiento (1695-1772)

Pinto (Fernan Mendes). Sus *Peregrinaciones* en Portuguès, con el *Itinerario* de Antonio Teyxeyro, en 1529; y la *Conquista de Pegu* por los Portugueses. Lisboa 1725. 1 Perg. folº.

Meneses (Dn. Luys), Conde de Erizeyra. Historia de Portugal restaurado. Lisboa 1679 y 98. 2 Pasta fol.